



C.I.F.P. COROSO
Avda. Dos Estudiantes, 5
15960 Ribeira, A Coruña (España)
Telf: 981870361 Fax: 981870362
E-mail: cifp.coroso@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/cifpcoroso



CONCURSO PARA O DESEÑO DO CARTEL PARA O DÍA 8 DE MARZO “DÍA INTERNACIONAL DA MULLER”

Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o DIOP e a Biblioteca do CIFP Coroso convocan un concurso de carteis.

Bases do concurso

1. Participantes

Poderá participar no concurso calquera membro da comunidade educativa

2. Temática e características das obras

- O contido do cartel deberá difundir e transmitir unha mensaxe positiva sobre a participación activa das mulleres na sociedade, promovendo a loita contra as desigualdades de xénero.
- O cartel realizarase en horizontal ou en vertical coas medidas DIN A-3. As persoas participantes poderán obter folios no formato indicado en cor azul, verde, amarelo e branco no Departamento de Orientación.
- Deberá incluír obrigatoriamente a frase “8 de marzo. Día Internacional da Muller”, así como un lema en galego relacionado co fomento da igualdade de xénero e coa non discriminación.
- Tanto a técnica coma o estilo dos carteis serán libres. As composicións e os slogans deben ser orixinais e inéditos. Non se poderán empregar imaxes ou nomes que identifiquen marcas comerciais ou persoas recoñecidas no ámbito público.
- Os deseños presentados poderán ser empregados polo CIFP Coroso como carteis conmemorativos do Día Internacional da Muller, podendo ser tamén utilizados en calquera outro evento ou publicación, facendo constar sempre a orixe do traballo, polo que o centro resérvase a facultade de inserir os logos que sexan necesarios.

3. Lugar, forma e prazo de presentación

Os carteis poderán presentarse na Biblioteca ou no Departamento de Orientación, debendo anotarse na súa parte traseira o nome e apelidos da persoa autora, así como o grupo ao que pertence, no caso do alumnado.

O prazo de recepción de obras rematará o día 6 de marzo ás 14:00 horas.

4. Xurado

Para o dictame da obra premiada establecerase un xurado formado polos seguintes membros do centro

- Antonio Teira (Director)
- Patricia Mariño (Xefa da Área de Formación)
- Cecilia Lois (Xefa do DIOP)
- Eva Gómez (Coordinadora do EDLG)
- Katia Souto (Coordinadora da Biblioteca)

O acordo tomarase por maioría simple e o ditame do xurado será inapelable, tendo ademáis as facultades de interpretar as bases e determinar as normas do seu funcionamento, así como de declaralo deserto, de ser o caso.

O xurado valorará a orixinalidade, calidade do deseño, así como a transmisión dunha mensaxe clara de fomento dos valores de igualdade entre mulleres e homes, e elegerá entre as obras presentadas ao cartel gañador.

5. Entrega de premios

O xurado reconecerá o valor do cartel gañador nun acto público no que se fará entrega do premio, unha memoria USB.

O acto de entrega celebrarase o día 11 de marzo a partir das 12:00 horas na biblioteca do centro.

6. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación íntegra e incondicional destas bases

7. Cesión dos dereitos de reprodución, difusión e exposición

A participación neste concurso leva implícita a cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición das obras presentadas. En todo caso, sempre que se utilice algún dos carteis presentados con algunha das finalidades indicadas na base 2, figurará o nome do/a autor/a.

As persoas participantes son as responsables últimas de garantir o pleno respecto da normativa vixente en materia de protección de datos persoais do alumnado menor de idade que participe nas obras presentadas. Garantírase que a reprodución da imaxe de menores estará sempre autorizada con anterioridade conforme á normativa.